

54.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26 DE DECEMBRO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Accidental:

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 53 DE DATA 19 DE DECEMBRO DE 2016.

Aprobouse a acta N^o 53/2016 da sesión celebrada o día 19 de decembro de 2016.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para colocación de chapa de fibrocemento baixo tella cuberta no lugar de Cruceiro, 7 – Moneixas - Lalín.

3.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADES CON OBRAS.

3.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para venda de gasóleos en O Castro - Gresande – Lalín.

3.2.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para explotación cunícola en Castro de Cabras – Lalín.

4.- INFORME URBANÍSTICO.

4.1.- Acordouse aprobar o informe sobre unha parcela con referencia catastral 2942043NH7224S0001HO – Lalín.

5.- INFORME PREVIO.

5.1.- Acordouse aprobar o informe do técnico municipal de data 20 de decembro de 2016 expediente para glorieta Avda. Xosé Cuiña – Avda. Monserrat - Lalín.

6.- CERTIFICACIÓNS DE OBRA.

6.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 1 da obra “REMATE DO APARCAMENTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA CO ENTORNO DO PAZO DE LIÑARES”.

6.2.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 1 “ACTUACIÓN NOS LOCAIS SOCIAIS DE MONEIXAS E NOCEDA”.

6.3.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm 2 e final da obra “ACTUACIÓNS NOS LOCAIS SOCIAIS DE MONEIXAS E NOCEDA”.

Así mesmo aprobase a acta de recepción.

6.4.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm 2 e final da obra “REHABILITACIÓN, SANEAMENTO E REFORZO DO FIRME DA RONDA NORTE-ESTE”.

Así mesmo aprobase a acta de recepción.

7.- FACTURAS E CONTAS.

Aprobouse a relación de facturas nº00179 por importe de 138.553,54 €.

8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse aprobar o novo cadro de prezos de acometida, contadores e outros para ano 2107.

8.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto con destino ao contrato de Reposición de marquesinas do Concello de Lalín.

8.3.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto con destino ao contrato de Reposición da sinalización do Pazo de Liñares do Concello de Lalín.

8.4.- Acordouse aprobar o anexo a conta xustificativa dos gastos en materia de persoal do GES .

8.5.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “Dotación de áreas deportivas e de ocio en Pozo do Boi e Anzo”.

8.6.- Acordouse autorizar o gasto destinado a subministración de catro banquetes para o campo de fútbol “Manuel Anxo Cortizo”.

8.7.- Acordouse denegar a concesión de axuda de inclusión social por non cumprir cos requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora do Procedemento de Concesión de Axudas de Inclusión Social.

8.8.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 119,57 €.

8.9.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 53,08 €.

8.10.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 49,40 €.

8.11.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 49,12 €.

8.12.- Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 20/2016 con carácter definitivo.

8.13.- Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 25/2011 con carácter definitivo.

8.14.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto para a adquisición de material para a formación de 200 persoas en SVB+DEA e 350 persoas en SVB.

8.15.- Acordouse recoñecer a un traballador indefinido o dereito a percibir dende o mes de decembro actual o complemento de antigüidade polo tempo de servizos prestados dende o 26 de xullo de 2010 equiparado o grupo de clasificación C2 auxiliar administrativo.

8.16.- Acordouse aprobar as contas xustificativas en relación coa MODALIDADE DE SUBVENCIÓN: PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS DEPORTIVAS E/OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS e MODALIDADE DE SUBVENCIÓN: FOMENTO DO DEPORTE DE BASE.

8.17.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto para a adquisición de equipamento para mellorar a práctica dos deportes de ciclismo no CDM Lalín Arena.

8.18.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto con destino ao contrato de Adquisición dun coche do Concello de Lalín.

8.19.- Acordouse autorizar e comprometer o gasto por importe 3.630 euros para a realización do Anteproxecto Museolóxico

8.20.- Acordouse conceder a renovación da autorización de vertidos.

8.21.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto para a adquisición dos contenedores para mellorar a reciclaxe nas dependencias municipais.

8.22.- Acordouse aprobar a proposta en relación ó compromiso de todas as Administracións de articular unha resposta global e coordinada á problemática da violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias a través dunha asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ós menores o seu cargo.

8.23.- Acordouse aprobar a conta xustificativa do Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación Cultural Virxe das Dores para a

celebración das Festas Patronais de Lalín 2016.

8.24.- Acordouse traspasar o importe de **8.398,87 €**, correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva.

8.25.- Acordouse aceptar a renuncia dunha empregada ao seu posto de traballo como operaria de limpeza do CDM Lalín-Arena, a media xornada.

8.26.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto para a adquisición de vestiario para a Policía Local.

8.27.- Acordouse autorizar un gasto para destinado ao servizo de reparación de oito fancoils no Auditorio de Muimenta.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización para consultar expedientes de parques eólicos no Arquivo Municipal.
